



A Federación Provincial de ANPAs de Centros Públicos da Coruña, acorda incorporarse á folga convocada polo Sindicato de Estudantes, CEAPA e CONFAPA-GALICIA, co obxecto de expresar o rexeitamento frontal ao anteproxecto de lei Wert e a política de recortes do Goberno español e da Xunta de Galicia.

Por primeira vez na historia do movemento asociativo de nais e pais do alumnado convocamos unha folga, ata agora apoiamos e/ou solidarizámonos con distintas expresións de protesta dos docentes, pero a situación de desmantelamento da escola pública e de dereitos básicos do noso fillos e das propias familias, que está a provocar o actual goberno e o actual ministro, nos impulsan a expresar o noso rexeitamento a esta política de desolación que políticos irresponsables están a provocar ao conxunto da cidadanía.

Esta Federación, acolle moi negativamente a intención de derogar a LOE e aprobar unha nova lei. Cremos que hai que dotar de estabilidade normativa ao sistema educativo, porque os centros educativos non poden perder tempo e enerxías na substitución e aplicación de novas normas e regulamentos, habendo asuntos moito máis urxentes. A sociedade non pode embarcarse, unha vez máis, na elaboración dunha nova lei de educación.

Cremos que antes de facer calquera tipo de modificación legal de amplo calado, xa sexa unha lei, un decreto ou unha orde, o Goberno debería traballar nun pacto social da comunidade educativa, ao que posteriormente se incorporasen a inmensa maioría de forzas políticas do arco parlamentario, dende o absoluto respecto ao devandito pacto social e trasladándoo á normativa e a actuacións concretas nos centros educativos.

Este Goberno, ao igual que o da Xunta, quere dar unha "volta de rosca", co obxectivo de recortar o dereito á educación e que este non poida ser esgrimido polos cidadáns ante as Administracións Públicas ou os tribunais, se é o caso. O obxectivo da lei Wert, é "acompañar" os drásticos recortes presupostarios que o Goberno está a impulsar cun recorte de dereitos que necesariamente require estar plasmado na lei.

Así, esa nova lei poderá suprimir toda referencia ou quitar importancia a programas e medidas de apoio para atender á diversidade de alumnos, a actual ratio de alumnos por profesor, a cobertura das baixas docentes, o dereito a unha educación común ata os 16 anos, o dereito a unha

educación infantil 0-6 con carácter plenamente educativo, o obxectivo dunha escolarización cada vez máis universal e gratuíta en Bacharelato e ciclos formativos, a incorporación de distintos perfís profesionais, os requisitos mínimos dos centros educativos, e un longo etcétera. É dicir, a nova lei suporía un adelgazamento do dereito á educación, un punto e final na concepción da educación pública como instrumento de ascenso social e do que se benefician sobre todo as clases medias e baixas unha regresión sen precedentes no noso país, e que podería ter efectos devastadores nas xeracións que agora mesmo están escolarizadas ou comezarán en breve a escolarizarse. Ademais tería consecuencias depresivas para o conxunto da sociedade. Esta Federación non pode senón opoñerse con todas as súas enerxías cara a estes recortes e cara a unha lei que quere institucionalizalos.

Dende unha concepción progresista, esta Federación, que avoga por unha escola que compense as desigualdades de orixe, tampouco pode aceptar as cifras de fracaso escolar, aínda que estas se reducisen, porque detrás delas hai nenos, nenas e mozos que, polo xeral, pertencen a ámbitos socioeconómicos desfavorecidos e alumnado con necesidades especiais de atención educativa. Se cremos na xustiza social, nunha sociedade máis equitativa, non podemos estar conformes coa existencia de bolsas de poboación con fracaso escolar; iso a pesar de que hai que valorar que nos últimos anos se producise unha mellora, como consecuencia indirecta do regreso ás aulas de mozos que antes se empregaban na construción e en industrias auxiliares, e de maiores investimentos en diferentes programas se realizase anos atrás, que non obstante agora se reduciron ou se suprimiu, poñendo en perigo a mellora dos datos de fracaso e abandono escolar.

Pero o documento de propostas do Ministerio fai un diagnóstico do sistema educativo demasiado superficial como para que, a partir deste, se poida elaborar unha nova lei de educación. Resulta aterrador observar que con tan poucos argumentos que poidan fundamentarse na investigación educativa, á que por outra parte se dedican en España moitos profesionais e departamentos universitarios, poida cambiarse de arriba abaixo o sistema educativo e o futuro de tantos nenos, nenas e mozos.

Esta Federación, así como CONFAPA-GALICIA e CEAPA, sempre defendeu que antes de facer reformas legislativas de calado, que afectan a un asunto tan sensible como a educación e o futuro de millóns de nenos, nenas e mozos, se realice un diagnóstico pormenorizado do sistema educativo (cos profesionais indicados), e coa participación de todos os sectores implicados, fundamentalmente dos pais e nais, profesorado e estudantes.

Pero a análise parcial que fai o Goberno do sistema educativo non é inocuo, senón que responde a un modelo ideolóxico conservador, que non cre na

igualdade de oportunidades de todos os nenos e nenas nin na educación como instrumento de ascenso social das clases máis desfavorecidas, e para o cal a atención á diversidade é canto menos unha frivolidade. Ese modelo avoga pola superación da crise da man da eliminación do público e recortes en educación. Dende este enfoque é practicamente imposible a redución das taxas de fracaso escolar ás que di querer combater o ministro Wert.

O diagnóstico é débil e claramente ideolóxico. E as medidas que o Goberno propón para atallar o fracaso escolar tamén son receitas do pasado, e que se demostraron inútiles pola experiencia e a investigación educativa: adiamento da separación do alumnado aos 14 anos, reválidas ao finalizar cada etapa, repetición de curso, reforzamento da autoridade do profesorado, etc.

Por todo iso, convocamos ás ANPAs da provincia da Coruña, a organizar esta expresión de rexeitamento, informando as nais e pais, (tamén aos profesores), de cada unha das nosas comunidades escolares, dando un exemplo de alto valor cívico aos nosos fillos, exercendo o dereito constitucional á folga e á manifestación, baleirando a aulas dos nosos colexios e institutos o próximo xoves, día 18 e acudindo á manifestación central na Coruña, que partirá ás 20:00 horas dende a Praza da Palloza.

Non podemos aceptar esta desolación pasivamente e en silencio.

Xa abonda!

Área de Comunicación e Publicacións.

Xunta Directiva

Federación Provincial de ANPAs de Centros Públicos.